

Unha sentenza recoñécelle ao profesorado interino da USC o dereito a cobrar quinquenios

A CIG-Ensino vén de gañar unha nova sentenza que remata con outra discriminación que sufrían as arredor de 100 persoas que conforman o colectivo de PDI interino, neste caso na USC, e que se suma á xa gañada na Universidade de Vigo. Desde o sindicato nacionalista instamos as tres institucións académicas do país a que estendan este dereito de oficio a todo o persoal temporal. Así mesmo, reiterámoslle ao conselleiro de Educación a necesidade de convocar a Mesa Sectorial de Universidades para negociar a modificación da normativa precisa para rematar con este tipo de discriminación.

Un novo fallo xudicial vén a darlle a razón á CIG-Ensino a respecto da equiparación de dereitos do profesorado interino nas Universidades galegas. Despois de que o PDI interino das tres universidades galegas poida optar a cobrar os complementos de investigación e docencia, que supoñen arredor de 1.000 e 900 euros anuais respectivamente, tras a aceptación parcial da demanda presentada contra a convocatoria que regula o seu pagamento por parte da Axencia

para a Calidade do Sistema Universitario de Galiza (ACSUG), agora o alto tribunal galego recoñece o dereito ao persoal interino da USC de cobrar os quinquenios. Neste caso, xa existía unha sentenza previa semellante da Universidade de Vigo que avalaba o cobro por parte deste colectivo interino do complemento de méritos docentes, máis coñecido como quinquenio. En calquera caso, a autonomía universitaria -que tamén se traslada ao campo

das retribucións do seu persoal- obriga a que sexa necesario demandar o recoñecemento destes dereitos ante cada institución.

Esta sentenza terá efecto directo nas 96 persoas que conforman o colectivo de PDI interino na USC, arredor do 5% do total deste persoal, segundo datos actuais da propia Universidade.

Á vista destes autos que van na liña da recente xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da UE igualando os dereitos do persoal fixo e eventual que presta servizos nas administracións públicas, a CIG-Ensino agarda que as tres universidades galegas lle amplíen o cobro deste complemento a todos os traballadores e traballadoras temporais (colaborador, axudante, axudante doutor, interinos de substitución etc.), independentemente de que teña horario completo ou non.

Convocatoria da Mesa Sectorial de Universidades

En calquera caso, e para evitar que continúe a xudicialización



destas reclamacións, cómpre que no ámbito de negociación propio das tres universidades, mais especialmente na Mesa Sectorial de Universidades, se negocie a extensión destes dereitos a todo o persoal temporal. Para iso, en datas recentes, as organizacións sindicais con representación en cada universidade demos traslado dunha solicitude aos reitores para que, asumindo a necesidade de negociar todo o relacionado coas condicións laborais e retributivas do persoal temporal, instaran o conselleiro de Educación a convocar a Mesa Sectorial de Universidades, órgano competente para levar adiante a negociación destes

cambios normativos.

Cómpre lembrar que nestes intres boa parte do colectivo docente e investigador está a exercer nunhas condicións de precariedade tanto laboral como salarial, con soldos inferiores aos 800 euros mensuais en moitas categorías.

Polo que desde a CIG-EnsinO consideramos que a percepción dos complementos que lles correspondan debe realizarse en función do tempo traballado e non da relación contractual que exista.

Financiamento das universidades

Desde a CIG-EnsinO tamén demandamos da Consellaría responsabilidade á hora de afrontar un financiamento das universidades galegas que teña en conta, entre outros aspectos, o cómputo dos incrementos salariais que se producen por variacións nos diferentes complementos, ben sexa tras a consecución dun dereito previamente non recoñecido ou simplemente polo cumprimento de labores de docencia e investigación e da propia antigüidade, evitando deste xeito que sexan as universidades quen teñan que afrontar un pagamento que, entende a CIG-EnsinO, lle corresponde á Consellaría de Educación.



Laboratorios do Ciqs. Fonte: USC

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal